



Expediente IET: P-21-117
Proxecto: Parque eólico Troitomil
Concellos: A Baña e Negreira (A Coruña)
Promotor: Green Capital Power, S.L.U.

INFORME DE IMPACTO E INTEGRACIÓN PAISAXÍSTICA

De acordo co artigo 37.1 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, e co artigo 11.3 da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, con data do 18/02/2021 a Xefatura Territorial da Coruña da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación somete a informe do Instituto de Estudos do Territorio (IET) a documentación do proxecto Parque eólico Troitomil.

1. Marco legal:

Consonte co artigo 15 da Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia, e co artigo 28 do Decreto 244/2011, do 29 de decembro (modificado polo Decreto 42/2019, do 28 de marzo), o Instituto de Estudos do Territorio (IET) é o órgano competente para emitir este informe en materia de paisaxe, de acordo co que para tal efecto establecen os artigos 32 e 33 do Regulamento para o desenvolvemento da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia (Decreto 96/2020, do 29 de maio).

En desenvolvemento da Lei 7/2008 aprobáronse o Catálogo das paisaxes de Galicia (Decreto 119/2016, do 28 de xullo) e as Directrices da paisaxe de Galicia (Decreto 238/2020, do 29 de decembro).

De acordo co artigo 11.1 da Lei 7/2008, todos os proxectos que deban someterse a declaración de impacto ambiental deberán incorporar no estudo de impacto ambiental un estudo de impacto e integración paisaxística (EIIP), como documento específico no que se avaliarán os efectos e impactos que o proxecto poida provocar na paisaxe e as medidas de integración paisaxística propostas. O contido do EIIP debe axustarse ao disposto no artigo 11.2 da Lei 7/2008 e nos artigos 26 e seguintes do Regulamento da Lei 7/2008.

2. Descrición do proxecto e contido do estudo de impacto ambiental:

O proxecto consiste na construción do parque eólico Troitomil, de 30 MW, composto por 5 aeroxeradores e a súa infraestrutura asociada (camiños de acceso e servizo, plataformas de montaxe, gabias para a rede eléctrica e de comunicacións, subestación transformadora, edificio de control e torre meteorolóxica). Os aeroxeradores terán 6 MW de potencia nominal, unha altura de buxa de 135 metros, e 170 metros de diámetro de rotor. A torre meteorolóxica acadará unha altura de 135 metros. A lonxitude dos camiños novos é de 1.773 metros e a dos camiños existentes que será necesario acondicionar é de 2.877 metros. A evacuación da enerxía farase conxuntamente con outros parque mediante unha liña eléctrica, que non é obxecto deste proxecto, cara á SET Lousame.



As infraestruturas do parque están dentro da área de desenvolvemento eólico do Plan sectorial eólico de Galicia denominada Alto da Pedrida Santa Mariña.

O estudo de impacto ambiental inclúe un EIIP como documento específico (anexo VIII).

3. Características da paisaxe afectada polo proxecto:

De acordo co Catálogo das paisaxes de Galicia, o proxecto localízase na grande área paisaxística Galicia Central, na comarca paisaxística Terra de Santiago – A Barcala.

As infraestruturas do parque non se atopan dentro de ningunha área de especial interese paisaxístico (AEIP) do Catálogo, sendo as máis próximas a AEIP-07-08 Carballeiras de San Cibrán, a uns 2 km ao oeste, a AEIP-07-09 A Ponte Maceira, a uns 2,3 km ao sur, a AEIP-07-12 Muíños de Ons, a uns 4 km ao suroeste, e a AEIP-07-13 Torres de Altamira, a uns 5,4 km ao sur. En relación aos miradoiros, o máis próximo é o de Santa Mariña, localizado a uns 1,5 km ao norte do aeroxerador T-01. Máis lonxe, a uns 6,3 km ao sueste sitúase o Pico San Marcos, e a 9 km, ao leste, o miradoiro de Espiñeira.

Respecto a outros elementos do Catálogo, o Camiño de Santiago (Camiño de Fisterra-Muxía) discorre a uns 2 km ao sur das infraestruturas do parque. E en relación á visibilidade estratéxica (dende zonas de maior potencial de vistas) os aeroxeradores T-03 e T-05, e a torre meteorolóxica, localízanse en zonas de visibilidade alta e moi alta, situándose as demais infraestruturas do parque en áreas de visibilidade estratéxica baixa e media.

As infraestruturas do parque eólico localízanse nunha zona de relevo suave caracterizado por montes de pendentes moderadas que separan distintos vales nos que se asentan os núcleos rurais. Nos zonas de val un mosaico agrario de parcelas de prados e cultivos ocupan o territorio rodeando ás aldeas mentres que nos montes o uso forestal, con plantacións de piñeiros e eucaliptos, é predominante. Os bosques de ribeira aparecen bordeando os cursos fluviais que drenan a contorna vertendo as súas augas no río Tambre. As principais vías de comunicación da contorna correspóndense coas estradas autonómicas AC-544, AC-444 e AC-406, e as provinciais DP-0702 e DP-0201.

4. Análise do EIIP, dos efectos do proxecto sobre a paisaxe e das medidas de integración paisaxística:

O EIIP do proxecto consta dunha diagnose do estado actual da paisaxe tomando como referencia o contido do Catálogo das paisaxes de Galicia, analízase a calidade e fragilidade visual, descríbense as características básicas do proxecto, calcúlase a cunca visual do parque e se analiza a visibilidade, apoiándose en simulacións gráficas, sobre os núcleos de poboación, AEIP, e sobre distintos elementos de interese natural e cultural, principalmente sobre o Camiño de Santiago. Finalmente identifícanse e valóranse os impactos do proxecto e se describen os criterios e as medidas de integración paisaxística para minimizalos.

Se ben o EIIP presentado inclúe en xeral os contidos esixibles de acordo co artigo 11.2 da Lei 7/2008, e cos artigos 26 e seguintes do Regulamento da Lei 7/2008, non inclúe a xustificación de como se incorporaron ao proxecto os obxectivos de calidade paisaxística nin as determinacións das directrices da paisaxe, tal e como se recolle nos artigos 11.2d da Lei 7/2008 e 27.d do Regulamento.

O proxecto provocará unha intrusión visual vinculada á presenza das infraestruturas do parque, principalmente os aeroxeradores e a torre meteorolóxica nunha zona elevada, o que lle confire unha alta visibilidade dende os vales agrarios que se estenden ao pé destes montes. Respecto ás posibles afeccións aos elementos do Catálogo das paisaxes cabe indicar que o parque non se sitúa dentro de ningunha área de especial interese paisaxístico, nin afecta a lugares de especial interese paisaxístico ou rutas de sendeirismo. En relación aos miradoiros, o máis próximo é o de Santa Mariña, localizado





no cumio dun monte a maior altura (520 metros) que a posición do aeroxerador T-01 (420 metros). A pesar desta posición relativa, a proximidade tanto deste aeroxerador como a doutros parques ao redor, sumado á dimensión das máquinas, poden producir unha incidencia visual nas vistas panorámicas dende o miradoiro (Directriz de paisaxe DX.26.c). Así mesmo tamén se poden producir afeccións visuais ao Camiño de Santiago que discorre próximo aos aeroxeradores meridionais do parque.

Os principais impactos visuais vanse a producir debido á distancia á que se emprazan os aeroxeradores dos núcleos de poboación, posto que existen asentamentos a menos dun quilómetro de distancia, como son os de Cantalarrana, Meimendre, Prousor, Lañas, San Mamede, Buchaín, Vilar da Torre, Vilar de Suso, Troitomil, Estibadiña ou Fontemirón. Ademais, o núcleo de Negreira atópase a unha distancia duns 2,5 km e o de A Baña a 3,5 km (Directriz de paisaxe DX.20 c). Dende estes lugares serán visibles total ou parcialmente as infraestruturas do parque, provocando unha incidencia paisaxística significativa dadas as dimensións e a curta distancia á que se sitúan as máquinas nas elevacións ao redor dos núcleos. Así mesmo, a presenza doutros parques eólicos provocarán un efecto sinérxico na paisaxe diminuindo a calidade visual e estética das escenas agrarias características da contorna, posto que segundo a web do rexistro eólico de Galicia, actualmente existen 5 parques nun radio de 5 km, dos cales tres corresponden a proxectos autorizados, e os outros dous a proxectos en fase de tramitación, acumulando un importante número de aeroxeradores neste territorio. O máis próximo correspóndese cun parque autorizado, situado a 1,7 km de distancia ao norte.

O EIIP expón unha serie de medidas de integración paisaxística centradas no deseño do parque (aproveitamento dos camiños existentes para os accesos, localización das infraestruturas en zonas de pendentes moderadas evitando importantes movementos de terras), na actuación sobre os camiños cubrindo a superficie final con saburra propia da contorna para atenuar o impacto visual, na adecuación do acabado externo das instalacións ás construcións tradicionais da zona, e nas medidas de recuperación e restauración dos terreos afectados que se realizarán en paralelo ao avance das obras.

5. Conclusión:

Os principais impactos sobre a paisaxe derivan da proximidade dos aeroxeradores aos núcleos de poboación, o que sumado ás dimensións que acadan as infraestruturas nestas zonas elevadas e aos efectos acumulativos dos outros parques, autorizados, en funcionamento ou en tramitación, provoca unha alta incidencia visual na contorna.

O proxecto incorpora un EIIP, cuxo contido axústase formalmente ao disposto no artigo 11.2 da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, e nos artigos 26 e seguintes do Regulamento da Lei 7/2008. En todo caso, toda vez que as Directrices de paisaxe de Galicia entraron en vigor o 20 de febreiro de 2021, de acordo coa Disposición transitoria única do Decreto 238/2020, o proxecto deberá adaptar o seu contido ás determinacións das citadas Directrices. Así mesmo, o EIIP deberá completarse co contido ao que fai referencia o epígrafe 2.d) do artigo 11 da Lei 7/2008 e o artigo 27.d) do Regulamento da Lei 7/2008.

As medidas de integración paisaxística previstas poden considerarse, en xeral, adecuadas para reducir ou mitigar o impacto sobre a paisaxe, pero deben completarse coas que se indican a continuación:

- De acordo coa directriz de paisaxe DX.20.c, e dada a presenza de núcleos rurais a curta distancia do proxecto, no caso de que exista unha manifesta preocupación social polo



impacto visual dos aeroxeradores, deberán adoptarse as medidas necesarias para reducir ou mitigar o seu impacto visual. Nestes casos estudarase a posibilidade de realizar plantacións arbóreas nas proximidades dos núcleos, consensuadas cos seus habitantes.

- En relación coa directriz de paisaxe DX.26.c, deberase analizar a incidencia visual do aeroxerador T-01 sobre as vistas panorámicas cara ao sur do miradoiro de Santa Mariña, e de ser o caso, estudaranse outras alternativas de localización que minimicen a afección sobre este elemento recollido no Catálogo das paisaxes.
- Respecto á subestación do parque eólico, no que atinxe á tipoloxía e características estéticas do edificio de control, deberanse respectar as directrices de paisaxe DX.17 e DX.20.m. Así mesmo, de ser necesario para mitigar a visibilidade, no perímetro da infraestrutura disporase unha pantalla vexetal realizada con especies autóctonas de acordo coas directrices de paisaxe DX.20.i e DX.20.o.

En todo caso, de acordo co artigo 30.3 do Regulamento da Lei 7/2008, as medidas correctoras determinadas no EIIP deberán quedar oportunamente recollidas no proxecto.

O xefe do Servizo de Planificación da Paisaxe
José Luís Álvarez Vicente

O director do Departamento Técnico de Estudos
José Antonio Serantes Barbeito

Visto e conforme, o director do Instituto de Estudos do Territorio
Francisco Barea Paz

(Documento asinado electronicamente)

